


As mulleres que señorearon Castro de Valdeorras e Manzaneda a finais da Idade Media



MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ*

ceron un poder destacado naquel tempo e nestas terras.

En maio de 1425 dona Isabel de Castro, filla de don Alonso de Castro, señor de Castroverde, e curná do poderoso don Fadrique, duque de Arjona e conde de Trastámara, comprou a dona María, condesa de Valencia de Don Juan, o Castro, a Vila e a Fortaleza de Valdeorras. Pouco despois, tivo lugar a toma de posesión por parte de dona Isabel, sendo recoñecida polos alcaldes, rexedores e o concello de Valdeorras como a súa señora. Como deu a coñecer Isidro García Tato, estando alí presente dona Isabel *fuese luego a las puertas de la Villa y Castro (...) y cerrólas con las llaves que tenía en la mano y guardó las llaves en sí. Enviando (...) que fueran luego a derrivar y derrivasen la forca que está puesta fuera de la dicha villa y que la pusiesen en otro lugar que estaría mejor e que le placía a ella que estubiere allí.* Como señora, tiña a capacidade de impartir xustiza no lugar, sendo a forca un símbolo desta facultade.

Ademais, tamén tiña o dereito de nomear cargos como o de tenentes das súas fortalezas ou o de

notarios das súas terras. Entre 1454 e 1459, por exemplo, documentase a Gonzalo Rodríguez como notario público na vila de Manzaneda, nos seus termos e na encomenda de Sobrado. Declara selo *"por miña señora dona Ysabel de Castro"*. Non era pouco este poder de nomear notario no seo dunha sociedade na que só uns poucos dominaban e controlaban o poder da palabra escrita! En todo caso vemos que naquela altura dona Isabel de Castro *señoreaba* tanto Valdeorras como Manzaneda.

Despois da morte de dona Isabel, a súa filla dona Xoana de Castro herdou o patrimonio e as xurisdicións maternas consolidándose a sucesión por liña feminina. Dona Xoana casara en 1447 con don Xoán Pimentel, membro da casa de Benavente e señor de Allariz, Milmanda e O Bolo, quen exerceu un poder abusivo sobre os seus señoríos e os da súa muller. En 1487, por exemplo, os valdeorreses queixáronse precisamente de que *les ha fecho trabajar a su costa en una fortaleza que dis que faça en el Castro de Valdeorras.*

Dona Xoana de Castro, quen se

intitulou señora das vilas de Castro de Valdeorras e de Manzaneda e que chegou a concederlle en 1508 ao conde de Benavente a gobernación destas terras e o cobro do imposto das alcabalas, finalmente dispuxo no seu testamento de 1509 que ambos territorios deberían compartir un único meriño e alcalde —o de Valdeorras— e que quedarían para a súa filla e herdeira dona María Pimentel de Castro, quen fora condesa de Ribadavia polo seu matrimonio con don Bernardino Pérez Sarmiento, ao que, porén, chegara a denunciar polos malos tratamentos que lle fixera antes de separarse. Aínda que esa é outra historia, mostra o carácter destas mulleres que tiveron poder e voz propia na Idade Media. Ao final da súa vida, dona María testou o 30 de marzo 1519 *en la villa de Castro de Valdeorras, intitulándose, tal e como fixera a nai, señora de las villas e torres del Castro de Baldeorras e Manzaneda.* Pouco despois de morrer, as súas fillas, dona Francisca e dona María Sarmiento de Castro tomaron posesión do Castro de Valdeorras e de Manzaneda, con todos os dereitos e privilexios

que iso implicaba. O 14 de abril, dona Francisca presentouse personalmente en Valdeorras, onde pediu ao alcalde Alonso Gomez que lle dera a vara de xustiza porque *la quería rescebir y tomar por (...) señal de posesión.* O alcalde, o mordomo e o escribán, entre outros, puxéronse ao servizo da súa nova señora, quen o 16 de abril tamén viaxou a Manzaneda, onde, xunto ao seu marido e o seu cuñado, tanto ela como a súa irmá dona María Sarmiento foron reci-

"Nesta ocasión quixera recordar a unha "liñaxe" de mulleres da nobreza que estiveron lonxe de responder á imaxe de damas encerradas nos seus castelos, apenas dedicadas a ver pasar os días mentres fiaban, lian ou rezaban"

bidas por señoras e tomaron posesión simbólica da fortaleza, así como dos dereitos de nomeamento das autoridades públicas da vila e da terra de Manzaneda. A partir de entón, tanto Valdeorras como Manzaneda quedaron ligadas durante moito tempo á Casa dos Sarmiento.

Aínda que estas mulleres tiveron que afrontar diversos preitos por estas terras —fundamentalmente cos señores de Lemos e os de Benavente— e tamén tiveron que compartir cos seus cónxuxes a xestión destas xurisdicións, non cabe dúbida de que o Castro de Valdeorras e Manzaneda foron terras en mans de mulleres, pasando de nais a fillas nunha clara mostra de que as mulleres tiveron voz e protagonismo na Galicia medieval. Traelas do pasado ao presente é unha obriga do historiador para que, cando vexamos os restos de torres como os que aínda se conservan na actualidade en ambos lugares, lembremos que desde alí tamén *señorearon* mulleres poderosas.

* Historiador. Natural das Guístolas (San Xoán de Río).



Torre da vila do Castro (O Barco).

Séculos atrás, cando o período medieval chegaba á súa fin, polas terras do oriente ourensán non só era posible ver campesiños afanándose en traballar a terra, clérigos e monxes pronunciando oracións ou cabaleiros exercendo o poder desde torres ou castelos. Naquel tempo tamén habitaron, percorreron e *señorearon* estas terras diversas mulleres. Cando menos desde o século XII, as sucesivas abadesas que encabezarón o mosteiro bieito de San Salvador de Sobrado de Trives tiveron un destacado poder público, social e económico na zona. Mais esas non foron as únicas mulleres poderosas nas terras próximas ao Sil e o Bibei durante a Idade Media.

Nesta ocasión quixera recordar unha "liñaxe" de mulleres da nobreza que estiveron lonxe de responder á imaxe —en gran medida tónica e simplista, pero moi divulgada cando se pensa nas mulleres medievais— de damas encerradas nos seus castelos, apenas dedicadas a ver pasar os días mentres fiaban, lian ou rezaban. Dona Isabel de Castro, dona Xoana de Castro, dona María Pimentel de Castro, dona Francisca Sarmiento e dona María Sarmiento foron as sucesivas señoras do Castro de Valdeorras e de Manzaneda desde a primeira metade do século XV até mediados do século XVI. Recordar os seus nomes supón recoñecer a existencia ininterrompida dun señorío feminino que evidencia que as mulleres tiveron e exer-